



INSTRUCCIÓN 1/2019, do 2 de abril, pola que se valida o documento de recomendacións sobre sistemas de contención de vehículos en estradas de características reducidas (RESISCON), para a súa aplicación na rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Exposición de motivos

En 2014 publicouse a *Orde Circular 35/2014 sobre criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos* do Ministerio de Fomento para a súa aplicación na rede de titularidade estatal. De maneira subsidiaria e ante a falta de normativa propia, esta Orde aplícase nas estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

O cumprimento estrito desta Orde OC 35/2014 presenta dificultades para a súa aplicación en estradas de características reducidas, con velocidades baixas, insuficiente sección transversal ou con numerosos accesos.

Por iso era necesario para eses casos elaborar un documento que aportara solucións realistas a problemas existentes, nos que un sistema de contención de vehículos menos exixente nos seus requisitos podería cumprir perfectamente co seu cometido.

A instancia da Mesa de directores xerais de Comunidades Autónomas e Diputacións Forais formouse un grupo de traballo de seguridade viaria formado por técnicos desas Administracións, coordinados pola *Asociación Española de la Carretera*, coa finalidade de elaborar un documento que ofrecera unha alternativa á OC 35/2014 para aqueles casos nos que existan dificultades ou inconvenientes para a aplicación desa Orde, que servira de guía de apoio técnico e que proporcionara amparo legal á hora de establecer solucións para reducir as consecuencias da accidentalidade por saída de vía.

Este grupo de traballo elaborou un documento denominado "*Recomendaciones sobre sistemas de contención de vehículos en carreteras de características reducidas (RESISCON)*", que se aprobou oficialmente o 07/03/2019 na Mesa de directores xerais.

Unha alta porcentaxe de estradas na rede de titularidade da Comunidade Autónoma en Galicia presentan as características reducidas que serven de premisa para a aplicación das recomendacións recollidas neste documento. Por este motivo redáctase esta Instrución para validar o contido das recomendacións recollidas no documento RESISCON para a súa consideración na rede autonómica nos casos nos que sexa aplicable.





Ámbito de aplicación na rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia

O documento de "*Recomendaciones sobre sistemas de contención de vehículos en carreteras de características reducidas (RESISCON)*" será de aplicación en estradas convencionais de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia con $V_{legal} \leq 90$ Km/h. Utilizarase como unha guía para a instalación de barreiras de seguridade en estradas de características reducidas, así como para posibles casos de revisión e adecuación da instalación dos sistemas existentes (ubicación inadecuada, altura ou disposición incorrectas, estado de conservación deficiente, parámetros de deformación del sistema inseguros, etc), tanto por inspeccións rutinarias como ao acometer proxectos de rehabilitación, mellora e acondicionamento das vías de características reducidas, entendendo como válidas as instalacións existentes.

Débase ter en conta que o documento RESISCON non analiza algunhas cuestións como os sistemas de protección de motoristas, os atenuadores, os leitos de frenado, etc, polo que non servirá de guía para eses casos.

En todo caso, dentro da rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia será de aplicación a OC 35/2014 seguirá aplicándose de maneira subsidiaria e complementario nos casos nos que non sexa procedente empregar o RESISCON ou nos que así se prevea nas ditas recomendacións.

Disposición final única

Mediante esta Instrución válidase o documento de "*Recomendaciones sobre sistemas de contención de vehículos en carreteras de características reducidas (RESISCON)*" para a súa aplicación na rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido nesta Instrución e máis no propio documento, que se xunta como Anexo.

Esta Instrución entrará en vigor o día da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Asinado dixitalmente

Francisco Menéndez Iglesias

Director da Axencia Galega de Infraestructuras

Anexo: "*Recomendaciones sobre sistemas de contención de vehículos en carreteras de características reducidas (RESISCON)*"

